

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA DEZASETE DE FEBREIRO DE 2010, CON CARÁCTER  
ORDINARIO.**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA

Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ

D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE

Dª. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO

Dª. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario                    D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dezasete de febreiro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o nove de febreiro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 154/10 de dona Susana Raviña Carbia**

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación dun muro de peche da parcela , de aproximadamente 60 mts de lonxitude, consistente no seu encintado, no lugar de Marzán de Abaixo, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación nin afectarán á estructura da mesma, e en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e pro-



tección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar no encintado axustarse ás condicións ambientais do entorno

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de cincuenta e tres euros con oitenta e seis céntimos (#53,86#)

## 2.2.- Instancia num. 147/10 de don Manuel Lobato Pereira

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a construcción de pecha de parcela, de aproximadamente 88 mts de lonxitude, con base de formigón, postes e arame, no lugar de Cubelas, en solo rústico de agrícola (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial por estar dentro da categoría de vía local; garantirse o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de cincuenta e catro euros con setenta e cinco céntimos (#54,75#)

## 2.3.- Instancia num. 174/10 de don Manuel Iglesias Agrelo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a construcción de pecha de parcela, de aproximadamente 46 mts de lonxitude, con base de bloque, no lugar de Argunte, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 mts de distancia dende o vial; garantirse o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado, e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidad de oitenta e oito euros con sesenta e dous céntimos (#88,62#)



3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenzas de actividade e obra

3.1.- Instalación de actividade de *almacén de productos de inseminación* en Cibrán (San Xián de Sales)

Téndose solicitado por don Luis Carro Mosquera, licenza municipal para instalación da actividade de *almacén e venda de produtos de inseminación*, no lugar de Cibrán (San Xián de Sales).

Tendo en conta que tramitado o oportuno expediente de conformidade co disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental e demais normativa de aplicación.

A Xunta de Goberno, á vista do expediente tramitado e do contido dos informes dos Servizos Técnicos Municipais e da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade en sentido favorable, acorda:

3.1.1 - Licenza da actividade:

Conceder a don Luis Carro Mosquera, licenza municipal para instalación da actividade de *almacén e venda de produtos de inseminación*, no lugar de Cibrán (San Xián de Sales), nos termos do expediente tramitado.

O prazo para o comezo da actividade será de 3 anos a contar dende o acordo de concesión.

Deberá ingresar, previamente, en Arcas Municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal e que se notificará.

Notificar o presente acordo ó solicitante, con indicación dos recursos que procedan.

3.1.2-- Licenza da obra:

Conceder licenza para as obras solicitadas, consistentes en acondicionamento de local comercial, sito no lugar de Cibrán (San Xián de Sales) en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo establece o vixente PXOM, nos termos do proxecto e documentación adicional presentada redactado polo arquitecto Jesús Carrillo Pena e con un orzamento que ascende á cantidade de 3.036,00 euros, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Executaranse de acordo co proxecto presentado.

O prazo para inicio das obras será de 6 meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e do imposto municipal correspondente que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento vinte euros con setenta e dous céntimos (#120,72#).

3.2.- *Ampliación de granxa de porcos* en Nande - San Fins de Sales

Téndose solicitado por don Manuel Cutrín Rial en representación de EXPLOTACIONES PORCINAS CUTRÍN, S.C., licenza municipal para AMPLIACIÓN DE GRANXA DE PORCOS, no lugar de Nande (San Fins de Sales).



Tendo en conta que tramitado o oportuno expediente, de conformidade co disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, e remitido este ao órgano ambiental competente se emitiu o preceptivo dictame de incidencia ambiental.

A Xunta de Goberno acorda:

### 3.2.1.- Licenza da actividade.

Concederlle a don Manuel Cutrín Rial en representación de EXPLOTACIONES PORCINAS CUTRÍN, licenza de actividade para *ampliación de granxa de porcos* en Nande (San Fins de Sales), condicionada ao cumprimento do contido do dictame de incidencia ambiental emitido pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, e que se relaciona de seguido:

“Dictame de Incidencia Ambiental :

a) Descripción da instalación, incluíndo procesos, equipos principais, materias primas utilizadas, consumos de auga e recursos enerxéticos e produtos finais. A actividade a desenvolver nas instalacións é a de producción e venda de porcos cebados ata 20 kg. O número de cabezas (existentes+ampliación) será de 442 nais cos seus leitóns ata 6 kg, e 1.200 porcos de cebo ata 20 kg.

Os consumos de recursos enerxeticos e de auga previstos serán os seguintes:

\* Electricidade ... 30.000 KwWano

\* Auga ..... 2.000 m3ano. Captación mediante dous pozo. Presenta clorador.

A potencia instalada é de 9,9 Kw.

A explotación actual conta coas seguintes edificacións:

\* Nave parideiras con fosa de xurro de 306,432 m<sup>3</sup>

\* Nave xestación 1, con fosa de xurro de 127,680 m<sup>3</sup>

\* Nave xestación 2 con fosa de xurro de 79,800 m<sup>3</sup>

\* Nave primeirizas con fosa de xurro de 10,800 m<sup>3</sup>

\* Nave xestación libre con fosa de xurro de 264,000 m<sup>3</sup>

\* Fosa de xurro exterior 1 de 140,000 m<sup>3</sup>

\* Fosa de xurro exterior 2 de 126,000 m<sup>3</sup>

\* Nave almacén.

A ampliación pretendida consiste en:

\* Ampliación nave xestación libre.

\* Nave nova para destete con fosa de xurro de 442,608 m<sup>3</sup>.

A capacidade total de almacenamento de xurro é de 1.497,320 m<sup>3</sup>.

As características estéticas e construtivas dos materiais, cores e acabados son acordes coa paisaxe rural e coas construcións existentes.

A parcela presenta un cemento exterior para protección da granxa a base de bloques *cunha* altura de 0.30 m sobre o chan (irá soterrada 10 cm.) sobre 5 cm. de formigón de limpeza, nos bloques anclarase unha malla electrosoldada cunha altura de 1,35mm

b).- Verquidos e emisións, sistemas de tratamiento e corrección, emisións finais ao meido receptor, técnicas de prevención e redución en orixe e técnicas de corrección e tratamiento.

As augas residuais urbanas, e os xurros producidos na explotación canelízanse ás fosas de xurro existentes, e tras un período de maduración de tres meses utilizaranse como fertilizante agrícola.



Na nova nave instalouse unha caldeira de biomasa modelo GRA30RO cunha potencia útil mínima e máxima de 20 e 30 Kw, respectivamente. O seu funcionamento será constante, as 24 horas do dia, ao longo de todo o ano, sendo o seu consumo anual de aproximadamente 36.500 Kg. de pelets de biomasa

Aínda que a *granxa* conta cun forno cremaiono, este está en desuso.

c) Tecnicas de minimización na produción de residuos e as medidas relativas á súa xestión:

Os residuos que se producen na explotación son os seguintes:

\* Residuos sólidos de carácter urbano serán retirados polos servizos municipais.

\* Os subprodutos de orixe animal serán entregados a empresa autorizada.

d) Medidas correctoras.

Todos os residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestor autorizado.

Os zoosanitacions serán entregados a xestor autorizado específico.

Se se producen aceites usados do mantemento da maquinaria, deberá solicita-la inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeno produtor de residuos perigosos no caso de producir menos de 10 Tn anuais de residuos perigosos, ou solicita-la autorización de produtor de residuos perigosos en caso de superar a antedita cantidade. Todo elo segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da producción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia (DOG nº 124, do 29 de xuño de 2005).

No *caso* de que as augas se utilicen no mesmo predio nas que foron captadas, se a captación supera os 7.000 m<sup>3</sup> anuais deberá solicitar concesión para a captadón de auga; e se non supera a dita cantidade, deberá solicitar o recoñecemento do dereito e a correspondente **inscrición** no rexistro de augas. No caso de captarse nun predio e utilizarse noutro, deberá en todo *caso* solicitar concesión para a dita captación. E todo elo *perante* o Organismo Autónomo Augas de Galicia, segundo o establecido no texto refundido da Ley de Augas (B.O.E. nº 176, do 24 de xullo de 2001).

Por tratarse dunha actividade potencialmente contaminadora da atmosfera, incluída no catálogo que figura no anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e

protección da atmosfera, (B.O.E. núm. 275 do 16 de novembro de 2007), deberá notificar a actividade da *súa* instalación perante o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, coa indicación expresa dos seus focos e das súas emisións.

Non poderá poñer en funcionamento o forno crematorio sen a preceptiva autorización."

Así mesmo tal e como se establece no artigo 4 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica e no seu Regulamento aprobado por Decreto 150/99, do 7 de maio (DOG nº 100 do 27 de maio de 1999), non se poderá inicia-la actividade ou poñer en funcionamiento as instalacións en tanto que non estea comprobado, polos órganos municipais ou mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas, segundo o indicado no artigo 9 da Lei 7/1997, que se cumple a normativa sobre contaminación acúsitca.

O prazo para o comezo da actividade será de 3 anos a contar dende o acordo de concesión.



Non se poderá iniciar a actividade sen que se teña obtivo a previa Acta de posta en funcionamento. A tal efecto o titular deberá solicitar e presentar a documentación precisa para garantizar que a instalación se axusta ao proxecto aprobado e á licenza concedida, así coma ás medidas correctoras adicionais impostas no dictame de incidencia ambiental, nos termos do disposto no artigo 18 do Decreto 156/1995, do 3 de xuño de inspección ambiental.

Deberá ingresar, previamente, en Arcas Municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal e que se notificará.

Notificar o presente acordo ao solicitante, con indicación dos recursos que procedan, e ao órgano emisor do dictame de incidencia ambiental.

### 3.2.2.- Licenza da obra.

PRIMEIRO. A parcela en que se emprazan as obras que se pretenden, está situada no lugar de Nande nº1, parroquia de San Fins de Sales, e segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, atópase situada en solo rústico de especial protección agropecuaria (ordenanza R-2). Segundo a ordenanza de aplicación a actividade solicitada constitúe un uso autorizable e conta con Autorización Autonómica Previa (referencia T.E. 216/2007) e con Dictame de Incidencia Ambiental (CO/0050/2009).

SEGUNDO. O artigo 125 do PXOM remite á disposición transitoria 11ª da Lei 9/2002 coas modificacións da lei 15/2004, a cal establece a posibilidade de ampliar as explotacións gandeiras existentes en volume independente, cumprindo as condicións de edificación do artigo 42, agás no que atinxe ás condicións de parcela mínima edificable, ocupación e volume máximos e distancias mínimas a vivendas e a asentamentos de poboación.

TERCEIRO. As obras que se pretenden, descritas no proxecto técnico visado e os seus anexos redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Rafael Señarís González, cun orzamento de execución material de 235.833,94 euros, cumpren coas disposicións do vixente P.X.O.M. do Concello de Vedra.


Características básicas do proxecto: Superficie da parcela: 23.446 m<sup>2</sup>; Número de plantas: planta baixa ; Superficie construída : 472,03 m<sup>2</sup> en nave de porcino de nova planta e 61,56 m<sup>2</sup> en ampliación de nave existente. Altura a cumio: 4,44 m

CUARTO. O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate.

QUINTO. Antes do inicio das obras deberá presentarse os oficios de dirección e o nomeamento do coordinador de seguridade, visados polos colexios profesionais correspondentes.

SEXTO. As obras axustaranse ás seguintes condicións: Construiranse de acordo ó proxecto presentado cos seus anexos, e ás CONDICIÓNNS da Autorización Autonómica e Dictame de Incidencia Ambiental; Deberase colocar un rótulo indicador no que se fagan constar os datos do propietario, dos técnicos directores e contratista, ordenanza de aplicación, destino da construcción, data e nº de expediente da licenza, prazo de execución das obras e nº de plantas autorizadas. Este rótulo axustarase ó modelo aprobado polo Concello.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente que ascende, segundo liquidación



provisional, á cantidad de catro mil setecentos dezasete euros con sesenta e oito céntimos (#4,717,68#).

#### **4º.- Adxudicación, como contrato menor, de obras financiadas con cargo ó Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010**

De acordo co establecido no Real Decreto - Lei 13/2009 , de 26 de outubro, polo que se crea o *Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local*, adscrito ó Ministerio de Política Territorial, destinado a financiar a realización polos concellos de investimentos xeneradores de emprego e actuacións de carácter social, de competencia municipal, que contribúan á sostenibilidade económica, social e ambiental (BOE num. 259/09, do 27 de outubro), e na Resolución do 2 de novembro de 2009, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, polo que se aproba o modelo de presentación de solicitudes e as condicións para a tramitación dos recursos librados con cargo ó citado fondo (BOE num. 265/09, do 3 de novembro), a Xunta de Goberno acorda proceder á adxudicación, como contrato menor, das seguintes obras:

##### *4.1.- Ampliación da rede de abastecemento en Castro - Ponte Ulla (orzamento de licitación: 44.641,95 euros)*

Primeiro.- Adxudicar definitivamente a citada obra á empresa Construcciones Boqueixón, S.L, con CIF B-15481716 e domicilio social en Lamas nº 15 -Sergude (15881- Boqueixon)

Segundo- o Importe da adxudicación ascende á cantidad de trinta e oito mil catrocentos oitenta e catro euros con corenta e catro céntimos (#38.484,44#) más seis mil cento cincuenta e sete euros con cincuenta e un céntimos (#6.157,51) de IVE, que supón un importe total de corenta e catro mil seiscentos corenta e un euros con noventa e cinco céntimos (#44.641,95#).

Terceiro O prazo de execución da citada obra é de catro meses

Cuarto- A empresa adxudicataria ocupará na realización da obra a 5 traballadores pertencentes á empresa e 0 de nova contratación

Quinto.- A empresa adxudicataria deberá presentar unha garantía dun 5% do importe de adxudicación , excluído o IVE

Sexto.- Designar como director da obra o arquitecto redactor do proxecto don Fernando Faya Martínez

##### *4.2.- Construcción de peche da parcela, adición de porche e acondicionamento de rampla no CEIP de Ortigueira (Orzamento base de licitación: 41.016,53 euros)*

Primeiro.- Adxudicar definitivamente a citada obra á empresa Construcciones Villaverde Carbia, S.L con CIF B-15.528.433 domicilio social en Trasariz de Abaixo, 6 (15885- Vedra)

Segundo- o Importe da adxudicación ascende á cantidad de trinta e cinco mil trescentos cincuenta e nove euros con oito céntimos (#35.359,08) más cinco mil seiscentos cincuenta e sete euros con corenta e cinco céntimos (#5.657,45#) Ode IVE.

Terceiro O prazo de execución da citada obra é de catro meses



Cuarto.- A empresa adxudicataria ocupará na realización da obra a 2 traballadores pertencentes á empresa, 1 subcontratada e 0 de nova contratación .

Quinto.- A empresa adxudicataria deberá presentar unha garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE

Sexto.- Designar como director da obra o arquitecto redactor do proxecto don Fernando Faya Martínez

#### 5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe do Sr. Alcalde por xestións varias na Deputación Provincial no mes de xaneiro. Importe 138,90 euros

Quilometraxe e aparcadoiro da técnica de emprego dona M<sup>a</sup>. Cruz Vilas e comidas de tre persoas (1 día) durante a exposición de Vedra en Area Central. Importe 90,52 euros

Quilometraxe da traballadora dona M<sup>a</sup>. Montserrat de la Fuente con motivo da exposición en Area Central e concurso de dibuxo da camelia. Importe 98,49 euros

Quilometraxe da educadora familiar, dona Carmen A. Sabio, dos meses de decembro/09 e xaneiro. Importe 100,46 euros

Indemnización e quilometraxe da administrativa dona Teresa Amenal por asistencia a xornada sobre protección da legalidade urbanística. Importe 38,00 euros

Indemnizaciós e quilometraxe do arquitecto don Fernando Faya Martínez por asistencia a curso sobre disciplina urbanística e visitas a obras nos meses de decembro e xaneiro. Importe 59,08 euros

Indemnizaciós e quilometraxe da aparelladora dona Clara Lema Rodríguez por asistencia a curso sobre normativa, criterios e técnicas de rehabilitación e visitas a obras. Importe 217,89 euros

Horas extraordinarias por lavado de colectores e indemnización de festivos durante o 2009 do conductor de camión de recollida de lixo don Juan Duarte Porto. Importe 289,82 euros

Horas extraordinarias por lavado de colectores e indemnización por substución do conductor e festivos durante o 2009 do operario de recollida de lixo don Jesús Fernández Pereira. Importe 517,87 euros

Fondo social da auxiliar administrativa dona Lidia Carpinteiro Quintas (of-tamoloxía) , segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 103,20 euros



Fondo social da funcionaria dona María Canedo (oftamoloxía), segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 391,00 euros

Fondo social da funcionaria dona Mercedes Pereiras (odontoloxía), segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 82,50 euros

Gastos de portabilidade a Movistar do teléfono móvil do operario de maquinaria don José Ricardo Lobato Botana. Importe 128,95 euros

Gratificación á profesora de inglés Jacqueline Deverell por tradución catálogo de fotografía do Centenario das Sociedades de Emigrantes de Vedra en Bos Aires. Importe 85,65 euros

Factura num. 1/2010 de Manuel Anxo López por intervención arqueolóxica no campo da festa de San Miguel de Sarandón. Importe 1905,88 euros

Factura num. 1669 de Guadalupe J. García Cabal por clases de manualidades en febreiro. importe 700,00 euros

Factura num. 00/99 de don José Manuel Roibás Vázquez por asesoramento xurídico prestado durante o 2009 referente ó desenvolvemento e execución do polígono industrial. Importe 5.795,36 euros

Factura num. 1/2010 de don José Fermín González Blanco por honorarios de dirección das obras do FEIL 2009, con cargo ó Plan complementario ó FEIL. Importe 4.158,16 euros

Factura num. CI0393792800 de Vodafone España, S.A.U do mes de xaneiro. Importe 16,18 euros

Factura num. 132 de Cotelga por toalliñas para baños. Importe 120,06 euros

Factura num. 299/10 de Gráfica de Asturias por libro rexistro de documentos para o Xulgado de Paz. Importe 40,72 euros

Factura num. 100838 de Proel Ascensores, S.L por mantemento ascensor do CPI de Vedra do exercicio 2010. Importe 870,09 euros

Factura num. 010200 de La Bata por vestiario para as auxiliares de axuda no fogar. Importe 215,60 euros

Factura num. 19/10 de Gráfica de Asturias, S.L por material de oficina. Importe 60,38 euros

Factura num. 1/2010 de UTE Urbeplan, S.L Asesores Consultores Gestión Promoción de Energías ARC, S.L, por honorarios de redacción do Plan de sectorización do solo urbanizable non delimitado SUND 4 do Parque Empresarial de Vedra. Importe 45.146,60 euros

Factura num. SPA/5674/2010 de MC SPA de Prevención, S.L por concerto prevencia integral no mes de xaneiro. Importe 359,98 euros



Suscrición anual a CanalSatélite Digital, S.L Canal + Fútbol na Casa da Terceira Idade. Importe 602,22 euros

Suscrición anual ó xornal El Correo Gallego. Importe 492,00 euros

Suscrición anual ó xornal La Voz de Galicia. Importe 360,00 euros

Factura num. 01919275 de Adif por alugamento do edificio da estación de ferrocarril de Santa Cruz no mes de febreiro. Importe 377,61 euros

Factura de Restaurante Villa Verde por comida cos técnicos-encargados da renovación do catastro de urbana. Importe 168,85 euros

Suscrición a Espublico. Importe 2.111,23 euros

Nota de aboamento de Telefónica de España por convenio comercial. Importe -1817,72 euros

Gastos do local da sede do CRA Vedra -Boqueixón durante o exercicio 2009 , segundo convenio asinado co Concello de Boqueixón (50%). Importe 1.724,89 euros

Factura num. 2010/0213 de Sogama por tratamiento dos residuos sólidos de Vedra no mes de xaneiro. Importe 6.955,60 euros

Factura num. 2010/0034 de Señalizaciones D.L.C, S.L por cartel de licenza de obras, a repercutirlle ó promotor. Importe 85,21 euros

Factura num. Serhuman Gestión y Servicios, S.L (Fundación cancer y vida) por papel blanco. Importe 71,19 euros

Factura num. 10-A/29 de Xestión e Control Noroeste, S.L por mantemento sistema telefonía casa do concello. Importe 1716,48 euros

Facturas nums. 62 e 100 de Socyser (Cesco-Deza, S.L) por pola contratación dunha auxiliar de axuda no fogar nos meses de decembro e xaneiro. Importe 2.305,38 euros

Factura num. 1/30 de Barreiron Mayor, S.L por papel. Importe 323,64 euros

Factura num. 4/10 de Juan Guerra Neira por cea de nadal dos concelleiros e traballadores do concello. Importe 1.738,75 euros

Factura num. 3/10 de Juan Guerra Neira por pinchos servidos con motivo da inauguración do Museo Etnográfico de Vedra. Importe 1729,12 euros

Factura num. 10/10 de Gráficas Esteiro por cuadripticos .... Importe 417,60 euros

Factura num. 300.017 de Artes Gráficas Litonor por boletín do mes de xaneiro. Importe 498,80 euros



Factura num. 30 300 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para a gardería municipal. Importe 495,00 euros

Factura num. N10-466 de Hércules de Ediciones por tomo de Os camiños de Santiago para a Biblioteca Municipal. Importe 376,50 euros

Factura num. N10-312 de Hércules de Ediciones por tomo de Galicia Heráldica para a Biblioteca Municipal. Importe 184,00 euros

Factura num. L/111 de Castromil, S.A por bonobús do mes de decembro. Importe 59,20 euros

Factura num. 02/27 de Excorrigal, S.L por inauguración do local social de Trobe. Importe 181,90 euros

Factura num. 300.060 de Artes Gráficas Litonor por carteis e outros para o entroido 2010. Importe 438,48 euros

Factura num. 22018860 de Initial Textiles e Higiene, S.L por retirada de unidades hixiénicas da Casa do Concello e gardería municipal. Importe 248,45 euros

Factura num. 100298 de Ofitiendas por ordenador para urbanismo. Importe 800,40 euros

Factura num. 01/2100007 de SGBRAND por axendas. Importe 200,45 euros

Factura 11 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús á Bertamiráns á piscina cos nenos de Vedra no mes de xaneiro. Importe 428,00 euros

Factura num. 10 de Viajes Peillet, S.L por viaxe cos participantes no programa de educación de adultos. Importe 265,50 euros

Factura num. 9 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos nenos da ludoteca en xaneiro. Importe 699,20 euros

Factura num. 20100004 de Manuel Botana Granja por materiais no mes de xaneiro. Importe 160,02 euros

Factura num. 7170024478 de Ofiservice por material de oficina. Importe 622,68 euros

Factura num. 23/10 de Empresa Seoane S.L por bonobús do mes de xaneiro. Importe 215,90 euros

Factura num. 24/10 de Empresa Seoane, S.L pro bonobús da terceira idade no mes de xaneiro. Importe 7,12 euros

Factura num. A/30 de Castromil, S.A por bonobús do mes de xaneiro. Importe 114,00 euros



Factura num. 30 649 de UIlla Oil, S.L por gasóleo de calefacción paa a casa do concello. Importe 528,00 euros

Factura num. 10/7 de Mapoca, S.L por material diverso. Importe 44,72 euros

Factura num. 10/6 de Mapoca, S.L por materiais para a casa da terceira idade. Importe 211,93 euros

Factura num. 10/5 de Mapoca, S.L por traballos coa grúa nas obras do campo de fútbol de Santa Cruz e Vilanova. Importe 287,10 euros

Factura num. 10-1232 de Askim Proyectos de Ingeniería, S.L por coordinación de seguridade e saúde nas obra de *Centro de Interpretación de Vedra*, financiada co Plan complementario ó FEIL. . Importe 864,26 euros

Factura num. 10-1231de Askim Proyectos de Ingeniería, S.L por coordinación de seguridade e saúde nas obra de *Local de exposición e garderíos no campo da festa de San Miguel*, financiada co Plan complementario ó FEIL. Importe 1.379,55 euros

Factura num. 10-1233de Askim Proyectos de Ingeniería, S.L por coordinación de seguridade e saúde nas obra de *Rehabilitación da Casa do Ferrocarril de Santa Cruz*, financiada co Plan complementario ó FEIL. Importe 843,91 euros

Facturas nums. 010000056, 010000057 e 010000058 de Puente UIlla, S.L por carburantes e outros para os vehículos municipais no mes de xaneiro. Importe 1.090,44 euros

Factura num. 001/17 de Alquimao, S.L por materiais para a brigada de obras. Importe 340,81 euros

Factura num. 1790 de Asvetrans, S. Coop. Galega por transporte de áridos dende a Mina Serrabal para as obras municipais no mes de xaneiro. Importe 556,80 euros

Recibo de Hipercor por agasallos para o entroido. Importe 127,95 euros

Premios do concurso de disfraces do entroido. Importe 1.290,00 euros

Factura de PC City Computer Superstore por materiais para a ludoteca municipal. Importe 77,97 euros

Factura de Eroski Center por acopio de alimentos para o servizo de madrugadores. Importe 19,47 euros

Recibo de copias para o entroido. Importe 20,00 euros



Axudas de custo e quilometraxe de don Francisco José Souto Rial por impartición de clases de baile rexional na casa de cultura de San Xián no mes de xaneiro. Importe 150,64 euros

Quilometraxe de don Marco González Britez por impartir clases de tango no mes de xaneiro. Importe 220,96 euros

Factura num. 2010009 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento alumeado público en xaneiro. Importe 2.262,06 euros

Factura num. D/21 de José María Freiría Suárez por limpeza no mes de xaneiro e atrasos regularización IPC no mes de decembro e ampliación de servizos. Importe 3.449,55 euros

Factura num. VD 01/2010 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardería no mes de xaneiro. Importe 5.276,96 euros

Factura num. 01/c-03/2010 de Delio Sánchez Lojo por clases de debuxo e pintura no mes de xaneiro. Importe 464,00 euros

Factura num. 10-A/1.686 de Sistemas de Seguridade A-1 S.L por mantemento alarma no Museo Modesto Paz Camps. Importe 552,83 euros

Factura num. 28-A082-015069 de Telefónica Móviles España, S.A de 18/11/2009 a 17/12/2009. Importe 663,60 euros

Factura num. S100026 de Tilde Servicios Editoriales por suscrición á revista educación e biblioteca . Importe 62,00 euros

Factura num. CIO387519707 de Vodafone España, S.A.U do mes de decembro. Importe 135,48 euros

Factura num. IR-2009-005466097 de Vodafone España, S.A.U -Tele 2 Comunitel do mes de decembro. Importe 88,16 euros

Factura num. 0091758172 de Siemens Renting, S.A por alugamento da fotocopiadora de urbanismo no mes de xaneiro. Importe 548,85 euros

Taxas de suscrición ó DOG. Importe 150,76 euros

Recibo de Mafre Seguros por seguro de responsabilidade civil. Importe 8.274,34 euros

Recibo de Centro Comercial Compostela por calefactor para a casa do concello. Importe 29,90 euros

Factura de Día por acopio de alimentos para o servizo de madrugadores. Importe 41,11 euros

Factura num.2010002 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento alumeado público en decembro. Importe 2.262,06 euros



Recibo de Securitas Direct por alarmas de edificios municipais no 1º trimestre do ano. Importe 582,89 euros

Facturas de Telefónica de España, S.A do mes de xaneiro. Importe 384,43 euros

Factura num. 25 de Panadería Raviña por empanadas para o torneo de nadal no Pavillón. Importe 27,50 euros

Factura num. 26 de Panadería Raviña por sacos de sal para estradas municipais os días de temporal de neve. Importe 23,00 euros

Factura num. CIDE HCENERGIA, S.A correspondente ó alumeadoo público de Caldelas -Ponte Ulla. Importe 544,69 euros

Factura num.01911266 de Adif por alugamento dos locais da estación de ferrocarril de Santa Cruz no mes de xaneiro. Importe 377,61 euros

Recibo de Mafre Familiar, S.A por seguro banco de tempo. Importe 491,86 euros

Recibo de Mafre Familiar, S. A por seguro do John Deere. Importe 124,16 euros

Factura num. 28-B082-035560 de Telefónica Móviles España, S.A do mes de xaneiro. Importe 1.009,43 euros

Facturas de Gas Natural - Unión Fenosa de dependencias municipais do mes de xaneiro Importe 6.488,38 euros

Facturas de Gas Natural - Unión Fenosa de dependencias municipais do mes de decembro. Importe 4.110,06 euros

Factura num. 0031379531 de Repsolgas por gas para o albergue de peregrinos. Importe 1.015,29 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

## 6º.- Outros asuntos

### 6.1.- Solicitud de subvención á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Dáse conta da Resolución da Axencia do 15 de decembro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións ós proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, e se anuncia a convocatoria para o ano 2010 (DOG num. 250/09, do 24 de decembro)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda segundo memoria elaborada ó efecto



--Axuda ó grupo de teatro do CPI de Vedra

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda ó grupo de teatro do CPI de Vedra por importe de mil cincocentos (#1.500,00#) euros para gastos de transporte durante o curso 2009-2010.

--Achega do Concello á Festa da Camelia

A Xunta de Goberno acorda aprobar unha aportación á Asociación Amigos da Camelia do Val do Ulla por importe de tres mil cen (#3.100,00#) euros para premios da XVI edición das Xornadas arredor da camelia.

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e vinte minutos

